

ACTA Nº 2019/29

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 16 DE XULLO DE 2019.-**

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.-.....2

**PUNTO SEGUNDO.- REMISIÓN DE EXPEDIENTE NO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE
CONTRATACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E
DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA EN MATERIA DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN
DOS TRIBUTOS E DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO E PRIVADO DO CONCELLO DE
AMES..... 2**

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE XULLO DE 2019.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as once horas e trinta minutos (11:30 h) do día dezaseis (16) de xullo de dous mil dezanove (2019), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria e urxente de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde, Luísa Feijóo Montero, José Blas García Piñeiro, Ana Belén Paz García, David Santomil Mosquera e Genma Otero Uhía.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira Natividad de Jesús González Rodríguez.

Asiste o interventor accidental, Emilio Garrido Moreira e a tesoureira municipal, Paloma Caínzos Orduna.

Actúa de **secretaria** a accidental da Corporación, Concepción Vilas Cantelar.

PUNTO PRIMEIRO.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.-

Infórmase verbalmente pola secretaria que a razón da urxencia da convocatoria é que o pasado venres 12 de xullo, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) remitiu a este Concello un recurso especial en materia de contratación, presentado por Asesores Locales Consultoría, S.A., contra a exclusión da súa oferta na contratación dos “Servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do Concello de Ames.”

De acordo co establecido no artigo 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o TACGal solicita a remisión do expediente administrativo ao órgano de contratación, xunto cun informe, outorgando un prazo de dous días hábiles. Dada a premura do prazo, que remata hoxe, xunto coa complexidade propia dun expediente de contratación que hai que remitir e a emisión do informe, xustifica da urxencia da convocatoria da Xunta de Goberno Local, que é o órgano de contratación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e atendendo ao exposto, ratifica a urxencia da convocatoria.

PUNTO SEGUNDO.- REMISIÓN DE EXPEDIENTE NO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA EN MATERIA DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO E PRIVADO DO CONCELLO DE AMES.

Expediente 2019/C004/000004

Con data 22 de marzo de 2019 a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de licitación de servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do concello de Ames, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, con varios criterios de adxudicación, o cal foi publicado na plataforma de licitación do sector público con data 25 de marzo de 2019; os pregos publicáronse o mesmo día.

Despois da tramitación administrativa do expediente, declarouse deserta a licitación mediante Decreto da Alcaldía 1685/2019, de data 13 de xuño.

O 12 de xullo de 2019 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) remitiu a este Concello un recurso especial en materia de contratación, presentado por Asesores Locales Consultoría, S.A. (única licitadora do expediente) contra a exclusión da súa oferta na contratación dos “Servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do Concello de Ames.”

Por parte da secretaria accidental con data do 16 de xullo emítense informe do teor literal seguinte:

“Informe proposta de acordo da Secretaría Municipal

Asunto: Recurso especial en materia de contratación no expediente de contratación de servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do concello de Ames

Expediente 2019/C004/ 000004

Antecedentes

Primeiro. Con data de 22 de marzo de 2019 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente de licitación de servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do concello de Ames, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, con varios criterios de adxudicación, o cal foi publicado na plataforma de licitación do sector público con data 25 de marzo de 2019; os pregos publicáronse o mesmo día.

Segundo. Á licitación concorre unha única mercantil: ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A.

Terceiro. Con data 10 de abril de 2019 a Mesa de Contratación procedeu á apertura do sobre A da documentación administrativa e acreditativa do cumprimento dos requisitos previos. Posteriormente, o 15 de abril procedeu á apertura do sobre C da proposición económica e dos criterios avaliábeis de forma automática (no Prego de Cláusulas administrativas particulares non se incluíron criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e non avaliábeis de xeito automático).

Con carácter previo á adxudicación, e tal e como resulta da previsión establecida no apartado 6.D do prego de prescricións técnicas (no apartado Medios informáticos e sistema de información), o 3 de maio o órgano de contratación acorda solicitar á empresa ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A., unha demostración das aplicacións informáticas que o licitador se comprometía a adscribir ao servizo, así como (e con carácter previo á DEMO) a remisión da información relativa ás características técnicas e funcionais do Sistema de Información Tributario (SIT).

O 13 de maio Asesores Locales Consultoría, S.A., presenta memoria técnica do Sistema de Información Tributario.

O 22 de maio a licitadora efectúa a citada DEMO da aplicación que se adscribe ao contrato de servizos, e na que están presentes os informáticos municipais e a tesoureira do Concello, de acordo coa previsión recollida no Prego de Prescricións Técnicas do contrato.

Cuarto. Con datas 28 de maio e 10 de xuño, Miguel Ángel Díaz Aviñoá (informático municipal), emite sendos informes sobre a cumprimentación dos aspectos técnicos do sistema de información tributario adscrito ao contrato de servizos recollidos na prescrición 6.D do Prego Técnico.

No primeiro informe, o técnico municipal, respecto da “Arquitectura web” do sistema de información indica o seguinte:

“O licitador presenta o que ven a chamar un “Sistema Web” que está integrado por varios módulos da plataforma propietaria Genesys desenrolada polo propio licitador. Esta plataforma está programada en JAVA, ICEfaces e JSF (Sistema Central), Sistema Periférico (Portal de seguimento) WEB – non hai datos na documentación da tecnoloxía empregada para o mesmo e o Sistema Transversal no que se integra o enlace con SICALWIN, EDITRAN e Xestor de expedientes.

*O sistema anteriormente sinalado **non é un sistema web** que funcione nun navegador de Internet posto que consta de un ou varios aplicativos de escritorio que traballan baixo as tecnoloxías sinaladas no punto anterior e que parecen recoller datos duns “web services”. **Non hai unha interface de usuario única.** [...] Na demo presentada preguntóuselle expresamente o licitador se a nivel de operador unicamente podía traballar co cliente de escritorio e se non*

había plataforma web tamén para este fin, o que responderon que non, que unicamente podíase traballar co cliente de escritorio.”

En reunión da Mesa de Contratación de 3 de xuño, trala análise do informe emitido polo informático municipal, considérase que o mesmo non é concluínte, polo que se acorda solicitarlle un novo informe que determine de forma clara e concluínte se a oferta presentada cumpre ou non os requisitos técnicos establecidos no PPT, concretamente o establecido na súa cláusula 6.D.

No segundo informe técnico emitido a petición da Mesa de Contratación, de data 10 de xuño, o informático municipal reitérase nas mesmas conclusións. En concreto e polo que se refire á Arquitectura web, manifesta expresamente: *“Incumprimento do solicitado a nivel de arquitectura web, posto co sistema non funciona en entorno web a nivel de escritorio.”*

Quinto. A Mesa de Contratación, reunida o 11 de xullo de 2019, propón ao órgano de contratación a exclusión do procedemento á empresa ASESORES LOCALES CONSULTORÍA SA., por incumprimento do Prego de Prescricións Técnicas.

Sexto. Dado que trala constitución da nova Corporación Municipal as competencias en materia de contratación aínda non se atopaban delegadas e polo tanto eran competencia da Alcaldía, ésta, mediante Decreto 1685/2019, de 13 de xuño de 2019, declara deserta a licitación. Dita resolución é notificada a ASESORES LOCALES CONSULTORÍA SA o 20 de xuño de 2019, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto. Con data 11 de xullo de 2019 foi interposto recurso especial en materia de contratación por ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A. ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que o remite a este Concello o 12 de xullo, solicitando o envío do expediente de contratación completo e ordenado, xunto co informe sobre a tramitación do mesmo, coas alegacións que considere oportunas respecto do fondo da cuestión formulada, ex art. 28.4 do Real decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual.

Sexto. O recurso especial en materia de contratación é presentado contra a exclusión da oferta de ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A. na contratación do expediente que nos ocupa.

O recurso presentado fundaméntase no seguinte motivo: *Calificación errónea do informe titulado “cumplimiento requisitos informáticos licitador de gestión tributaria”*. Aduce a mercantil que o enfoque meramente técnico supón unha visión parcial da Mesa de Contratación, incorrendo nun sesgo que provoca indefensión.

A fundamentación xurídica do recurso pivota sobre a doutrina do TACRC sobre os límites á discrecionalidade técnica na valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor; así como na vulneración do principio de libre concorrencia.

Analízase a continuación por esta Secretaría a fundamentación xurídica do recurso:

En relación ao primeiro fundamento xurídico, convén recordar que nesta licitación **todos os criterios de adxudicación son de carácter obxectivo**. Por isto, enténdese que carece de fundamento a inclusión no recurso da doutrina do TRCAC sobre os límites da discrecionalidade técnica do órgano de contratación nas valoracións.

A avaliación que efectúa o informático municipal é de carácter obxectivo, e se circunscribe exclusivamente á análise do cumprimento dos requisitos técnicos do sistema de información tributario de adscrición obrigatoria ao contrato, segundo previsión do propios pregos de prescricións técnicas. Non se trata dunha valoración técnica baseada en criterios de adxudicación, senón na comprobación ou verificación de que a oferta, no relativo a adscrición de medios materiais, respecta os Pregos.

Neste senso, o PPT literalmente establece que “Las empresas licitadoras especificarán en la oferta las características funcionales y técnicas del Sistema de Información Tributario que van a instalar, que recogerá y precisará todos los aspectos citados”, e que “El Ayuntamiento con carácter previo a la adjudicación podrá solicitar una demostración de las aplicaciones informáticas que los licitadores se comprometen a adscribir al servicio.” (cláusula 6 D).

Para constatar a adecuación do sistema de información tributario aos requisitos configurados no Prego de Prescricións Técnicas solicítase a DEMO antedita. Acreditado queda, tras a mesma, que a aplicación do licitador non está desenvolta dunha arquitectura web, segundo se reitera nos informes da área de informática do Concello de 28/05/2019 e 10/06/2019.

En relación ao segundo fundamento xurídico, o procedemento non está a limitar de facto a libre concorrancia, posto que o técnico municipal non efectúa unha interpretación restritiva dos requisitos técnicos do sistema de información tributario de adscrición obrigatoria ao contrato, pois só analiza a aplicación do licitador de acordo co tenor literal das prescricións esixidas, de acordo cos requisitos establecidos no PPT e que non foron obxecto de recurso.

Non existe tampouco erro na conclusión do informe técnico do informático municipal, como trata de demostrar o recorrente cun informe de parte.

Os pregos que rexen a licitación, vinculan tras ser aceptados polo licitador coa presentación da súa oferta (artigo 139.1 LCSP). Conforme a este precepto, o noso ordenamento xurídico non só establece a relación causa-efecto entre a presentación das proposicións e da aceptación incondicionada e íntegra dos pregos, senón que aquelas deben axustarse a estes.

Polo que atinxe á oferta de ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A, tras a DEMO do sistema de información tributario, revelouose que a aplicación non se adapta ás especificacións previstas na cláusula 6.D do PPT.

Polo tanto, considérase axustado a dereito o acto obxecto de recurso, no que se acorda a declaración de deserto do expediente de *Servizos de apoio na xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do Concello de Ames*, sen que supoña indefensión algunha, por canto que o licitador puido coñecer sobradamente os motivos polos que a oferta foi rexeitada, e reaccionar (como de feito sucede) fronte tal rexeitamento.

Este é o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito e que remito ao órgano de contratación para que se incorpore ó expediente de contratación, que ten que ser remitido como moi tarde no día de 16.07.19 ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia na súa condición de órgano competente para resolver o recurso especial en materia de contratación presentado.

Ames, 16 de xullo de 2019

A secretaria accidental
Concepción Vilas Cantelar”

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar conformidade ó informe de Secretaría antes transcrito e remitilo, xunto co expediente de contratación dos “Servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do concello de Ames” ó Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, en cumprimento do previsto no artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- Facultar ó señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás once horas e corenta e cinco minutos estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

Vº e praxe

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria accidental

Concepción Vilas Cantelar